

SUBURBICON

[George Clooney, 2017]

313

ESTREA EN NUMAX: 08.12.2017 | V.O.S.E. | +16

Suburbicon (2017, 105')

Dirección: George Clooney

Guión: Ethan Coen, Joel Coen, George Clooney, Grant Heslov

Elenco: Matt Damon, Julianne Moore, Óscar Isaac, Glenn Fleshler, Michael D. Cohen, Noah Jupe, Steve Monroe, Gary Basaraba

Son: Dawn Gough

Montaxe: Stephen Mirrione

Fotografía: Robert Elswit

Música: Alexandre Desplat

Vestuario: Jenny Eagan

Dirección de arte: Christa Munro

Produtoras: Black Bear Pictures, Silver Pictures, Smoke House Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: DeAPlaneta

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

The Monuments Men, 2014

Los idus de marzo, 2011

Ella es el partido, 2008

Buenas noches, y buena suerte, 2005

Unscripted, 2005 [TV]

Confesiones de una mente

peligrosa, 2002

PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2017 (Sección oficial, Premio Fondazione Mimmo Rotella e Franca Sozzani —Juliane Moore—)

SINOPSE

Verán de 1959. A familia Lodge múdase a Suburbicon, unha comunidade residencial pacífica e idílica con vivendas asequíbeis e céspedes impecábeis, o lugar perfecto para criar unha familia. Pero a aparente tranquilidade agocha unha realidade perturbadora. O cabeza de familia dos Lodge, Gardner (Matt Damon), mergullarase no lado escuro do pobo, cheo de traizón, engaños e violencia. Este é un conto de xente imperfecta que toma moi malas decisións.

«A curmá cercana de *Fargo*. Matt Damon creou outro fascinante e escuro canalla para a súa galería de sociópatas discretos»

Owen Gleiberman, VARIETY



“Dirixir e producir un filme é tamén unha maneira de facer política”

Entrevista con George Clooney
por Dany Jucaud

Sátira dos anos 50, *Suburbicon* é sobre todo unha comedia moi negra. É así como o ve vostede? É un filme en cólera que fala das minorías nun país en cólera. Nestes intres hai unha nube negra que planea sobre as nosas cabezas. Para dirixir os Estados Unidos eliximos alguén que non está cualificado. Todo isto ponme moi triste. Trump é un estafador envolto no traxe dun pallaso. O secretario do Tesouro era noutros tempos produtor en Hollywood, o seu ideólogo, Steve Bannon, é un escritor fracasado. Toda esa xente son *showmen*, non políticos, e ademais son moi malos. O problema é que coas súas parvadas deshonran o noso traballo.

Vostede ten unha obsesión con Donald Trump! Créame que non estou só. Ben sei que cómpre ir máis aló deste suxeito, pero admito que teño problemas co tema....

O que é fascinante é comprobar até que punto cinema, vida e política se confunden no seu traballo. Dirixir e producir un filme é tamén unha maneira de facer política. Cada vez que comezo unha rodaxe dígame: «Aí vamos! Dereitiños cara aos problemas». Mais no fondo adóroo. A idea de dar traballo a 300 persoas comprácame enormemente. Nun plató hai seis ou sete sindicatos, cada un coas súas demandas que cómpre atender

para que todo o equipo reme na mesma dirección. Non é sempre algo evidente. O meu chofer, por exemplo, apoia a morte a Donald Trump. Non sabedes até que punto podemos chegar a berrar. Mais aprendo moito del. É apaixonante.

Publicado en www.parismatch.com/

Un delirio salvaxe e profunda reflexión

Crónica da presentación de *Suburbicon* no Festival de Venecia
Por Tommaso Koch

George Clooney é unha estrela. Iso xa se sabe. Hai moitas máis claro. A diferenza é que, no seu caso, a definición risca o literal. Porque cando o actor aparece, todo o demais orbita ao seu redor. Mesmo divos como Julianne Moore e Matt Damon, acaban case como satélites. Decenas de móbiles prendidos, corredores desbordados. Que nada se entrometa ante a chegada de Clooney. O director entrou elegante, sorrinte, ovacionado. En 2011, Clooney inaugurou Venecia con *Los idus de marzo*. Dous anos despois presentou *Gravity*. Mais logo rodou *The Monuments Men*, un fracaso tan grande que uns emails filtrados amosaban ao propio Clooney pedindo desculpas aos executivos. Así que sobre *Suburbicon* pendía unha afiada espada de Damocles. Regreso á senda do éxito ou outro paso cara ás tebras? O filme si se adentra na escuridade, mais só na súa trama: unha familia abraza

a violencia, mentres todo o seu idílico vecindario está moito máis preocupado polos afroamericanos que veñen de se mudar alí. A película vai mellorando a cada minuto, até acabar nun delirio salvaxe e en profunda reflexión.

«Medrei nos sesenta, durante os movementos polos dereitos civís. Pensabamos que eses problemas desapareceran, mais non foi así. Miramos na dirección trabucada, culpamos as minorías das nosas crises, aínda que non teñan nada que ver con elas», relatou o actor. Tanto, que a petición que un vecindario le no filme, para «integrar aos negros, mais cando estean preparados» é real, aínda que proceda dos anos cincuenta. Entre unha agresión racista daquela época e o guión que os irmáns Coen escribiron en 1985 e nunca lograron filmar, Clooney construíu un filme actualísimo. «Cando se fala de *Facer América grande de novo*, vólvese a eses anos. Xa se dicía co presidente Eisenhower. Non vemos os problemas reais que este país aínda ten que afrontar, como as cuestións raciais».

(...) Os recentes disturbios e as marchas supremacistas en Charlottesville parecen confirmalo. «Onde me criei, facíanse recreacións da Guerra Civil e a xente non entendía que o Sur defendese a escravitude. Poñer a bandeira confederada sobre un edificio público é un símbolo de odio, non se pode permitir». Moitos apuros, poucas solucións. Non podería arranxalos un Clooney na Casa Branca? «Agora mesmo queredría que calquera fose presidente». El non, que lle deixen o cinema. Para que todo xire fan falla estrelas.

Publicado en <https://elpais.com/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Fargo (Primera temporada), Irmáns Coen.
Fox [DVD]

Fargo / Muestra entre las flores,
Irmáns Coen. Fox [DVD]

Sangre fácil, Irmáns Coen. Versus [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónatete
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**